

Asociación Ourenseana de Esclerose Múltiple, Párkinson e Enfermedades Raras (AODEMPER), grazas á 'X Solidaria', este 2024 continúa co servizo de 'Programa de Intervención Social a través do Traballo Social' para persoas con Esclerose Múltiple

- Grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF xestionados a través de FEGADEM, AODEMPER porá en marcha o PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIAL A TRAVÉS DO TRABALLO SOCIAL no ano 2024.
- A subvención permitirá á AODEMPER contratar a 1 profesional para servizo da entidade, co fin de mellorar a calidade de vida das persoas con EM da comunidade galega.
- AODEMPER, membro da Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM), grazas a esta axuda poderá manter e mellorar este ano os seus servizos de rehabilitación.

OURENSE, MAIO 2024

A Asociación Ourenseana de Esclerose Múltiple, Párkinson e Enfermedades Raras (AODEMPER), membro da Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM), ofrecerá un 'Programa de Intervención Social a través do Traballo Social' co fin de proporcionar acompañamento a persoas usuarias e ás súas familias e/ou persoas cuidadoras tras o diagnóstico, atendendo ás necesidades que presenten e informando, tramitando e derivando aos recursos que garantan os seus dereitos. Busca capacitar a cada persoa, fomentando a súa participación activa durante todo o proceso da Esclerose Múltiple e incidindo en todas as problemáticas que limiten ou impidan o seu pleno desenvolvemento e plena inclusión social. A través do servizo de Área do Traballo Social, AODEMPER ofrece un primeiro contacto para as persoas con Esclerose Múltiple e as súas familias e/ou persoas cuidadoras. A persoa profesional do Traballo Social proporciona a primeira información sobre a entidade, servizos e actividades. Empregando a metodoloxía de atención centrada na persoa, realizarase un diagnóstico social sobre a persoa diagnosticada e a súa contorna, para atender ás necesidades que presenten, garantindo o cumprimento dos dereitos das persoas e o acceso aos recursos que necesiten. Faise acompañamento, infórmase, tramítase ou dérívase a recursos especializados dirixidos a mellorar todos os ámbitos da calidade de vida e o benestar, partindo do respecto pleno da súa dignidade e dereitos, dos seus intereses e preferencias e contando coa plena participación efectiva da persoa.

Para o servizo de 'Programa de Intervención social a través do Traballo Social' contratarase a un profesional grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos **fondos do 0,7% do IRPF da declaración da Renda, procedentes das persoas contribuíntes que marcaron o cadro de 'Actividades de interese xeral consideradas de interese social'**. Deste programa **beneficiaranse un total de 50 persoas**.

ESCLEROSE MÚLTIPLE

A Esclerose Múltiple afecta en España a preto de 55.000 persoas, constituíndose como unha das enfermidades máis comúns do Sistema Nervioso Central (SNC). Galicia é a área coa prevalencia máis alta, habendo na actualidade arredor de 4.500 persoas diagnosticadas. A esclerose múltiple é unha enfermidade crónica autoinmune, desmielinizante, neurodexenerativa e progresiva do SNC.

Os síntomas temperáns máis habituais son a fatiga, problemas de visión, formígueos, entumecementos, vertixes e mareos, debilidade muscular, espasmos y problemas de equilibrio e coordinación. Moitas manifestacións da enfermidade son 'invisibles', pero inciden no día a día destas persoas. A incapacidade que provoca caracterízase por trastornos motores, cognitivos e da agudeza visual, acompañada de outras alteracións coma ansiedade e depresión.

QUE É AODEMPER?

A Asociación Ourenseana de Esclerose Múltiple, Párkinson e Enfermedades Raras (AODEMPER) leva dende o ano 1996 traballando na provincia de Ourense con profesionais do ámbito socio sanitario, desenvolvendo un proxecto interdisciplinar co obxectivo de dar unha resposta integral ás necesidades das persoas con Esclerose Múltiple, Párkinson e Enfermedades Raras e as súas familias que non son cubertas desde as Administracións Públicas.

A súa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con Esclerose Múltiple, Párkinson e Enfermedades Raras e os seus familiares, ofrecendo servizos adaptados ás súas necesidades na provincia de Ourense. A súa visión é a de ser unha organización referente e en constante proceso de mellora, que traballa pola atención biopsicosocial destas persoas. AODEMPER é unha Entidade sen ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gubernamental, de carácter voluntario e de utilidade pública cuxos principais valores son o interese polas persoas, responsabilidade social, integridade, orientación ao cliente, compromiso cos resultados e colaboración e traballo en equipo.

Ofrece distintos servizos socio sanitarios, entre os que se atopan:

- **Traballo social:** Información e asesoramento a pacientes, familiares e/ou persoas cuidadoras, acompañamento, detección de necesidades e mobilización dos recursos sociais aos que o colectivo destinatario ten dereito. A intervención é individualizada.

- **Integración social:** Dirixido ao desenvolvemento de accións de comunicación e divulgación (páxina web, redes sociais, medios de comunicación, entidades relacionadas co terceiro sector, etc.), sensibilización (campañas, eventos, etc.) e captación (persoas asociadas, voluntariado e fondos). Tamén realizan organización e coordinación de actividades de lecer e tempo libre adaptado, xestión do voluntariado e taller de dixitalización.
- **Psicología clínica:** O seu obxectivo principal é facilitar o proceso de afrontamento do cambio que supón o diagnóstico dunha enfermidade neurodexenerativa para a persoa diagnosticada, a súa familia e/ou persoas coidadoras, afondando na área afectivo-emocional, condutual e relacional. Outra liña de actuación é a intervención nas alteracións psicolóxicas que poidan xurdir no proceso da EM.
- **Fisioterapia:** A través do exercicio terapéutico, a terapia manual, electroterapia, presoterapia e outras tecnoloxías innovadoras, como a intervención co dispositivo de neurorehabilitación da marcha Fesia Walk, conseguen mellorar a capacidade física e desenvolver ao máximo a independencia funcional do colectivo destinatario, potenciando a súa autonomía persoal e facilitando o desempeño das actividades da vida diaria.

Ademais, AODEMPER realiza unha serie de actividades cara as persoas usuarias sobre distintos aspectos, como talleres de mellora da mobilidade ou nutrición, ademais de lecer e tempo libre a través de grupos de apoio ou de teatro. Tamén puxeron en marcha eventos de sensibilización para dar a coñecer as enfermidades das persoas coas que traballamos á poboación. Colaboran coas institucións sanitarias dunha maneira coordinada para que as persoas diagnosticadas con algunha destas patoloxías coñezan AODEMPER e lles poida axudar en todos os aspectos anteriormente mencionados.